



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/G003/001030

Ref: SEC

DECRETO DE APROBACIÓN DE ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA AUTOMATIZADA CON SELO DE ÓRGANO

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello das Pontes de García Rodríguez, en sesión extraordinaria urxente de data 14/12/2020, aprobou inicialmente o regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez. Efectuada a tramitación pertinente e ao non existir reclamacións o regulamento publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 44, do día 08/03/2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, define as actuacións administrativas automatizadas e contempla o seu réxime de aplicación.

O réxime previsto na citada lei completouse no concello das Pontes co regulamento de administración electrónica municipal do concello das Pontes, que establece no seu artigo 37, respecto das actuacións automatizadas, que:

1. Conforme ao previsto no artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, entenderase por actuación administrativa automatizada calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por parte do concello das Pontes no marco dun procedemento administrativo e na cal non interveña de maneira directa ningún empregado/a público/a.

2. No exercicio da competencia de actuación administrativa automatizada, o concello das Pontes pode determinar os supostos de utilización dos seguintes sistemas de firma electrónica:

a) Selo electrónico de Administración pública, baseado nun certificado electrónico reconecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado á Administración pública nos termos e condicións establecidos; permítese en todo caso a comprobación da integridade mediante o acceso á sede electrónica.

3. O concello das Pontes aproba as seguintes actuacións administrativas automatizadas:

a) Expedición de certificados individuais e volantes de empadramento.

b) Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico do concello das Pontes.

c) Expedición automática de recibos de publicación no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

d) Emisión automática de copias auténticas de documentos electrónicos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/G003/001030

Ref: SEC

e) Traslado automático de documentación dende a Plataforma de Contratos do Sector Público (PLCSP) á plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

Por resolución da Alcaldía poderanse aprobar novas actuacións administrativas automatizadas así como suprimir as xa existentes, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na seguinte sesión que teña lugar.

O artigo 53 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais (RPDT), en redacción dada polo Real Decreto 141/2024, do 6 de febreiro, determina que “1. El padrón municipal es el registro administrativo donde constan los vecinos de un municipio. Sus datos constituyen prueba de la residencia en el municipio y del domicilio habitual en el mismo. Las certificaciones que de dichos datos se expidan tendrán carácter de documento público y fehaciente para todos los efectos administrativos”.

O mesmo RD 141/2024, tamén modificou o artigo 61 do RPDT, que determina que “Las certificaciones a que se refiere el artículo 53.1 serán expedidas por la persona que ocupe la Secretaría del Ayuntamiento o personal funcionario con habilitación de carácter nacional que lo sustituya en virtud de lo previsto en el Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, así como de conformidad con lo dispuesto en los artículos 204 y 205 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre. Sin perjuicio de que, conforme a lo establecido en los artículos 41 y 42 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público y en el Reglamento de actuación y funcionamiento del sector público por medios electrónicos, aprobado por el Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, puedan expedirse mediante actuación administrativa automatizada.

Los Ayuntamientos podrán expedir volantes de empadronamiento, como documentos de carácter puramente informativo en los que no serán necesarias las formalidades previstas para las certificaciones.

Siempre que un vecino inste alguna modificación de sus datos padronales podrá solicitar un volante de empadronamiento que se le entregará tan pronto como se haya realizado el cambio en su inscripción padronal”.

Á vista do exposto e do previsto no artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en uso das atribucións conferidas no decreto 1529/2023, do 05 de xullo, de delegación de competencias nas concellarías, que delega na concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica resolver mediante actos que afecten a terceiros calquera dos expedientes tramitados pola Concellaría delegada especial de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías.

RESOLVO:

1ª) Aprobar a seguinte actuación administrativa automatizada mediante selo electrónico de órgano do Concello das Pontes de García Rodríguez, que se engade ás



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/G003/001030

Ref: SEC

contempladas no Regulamento da administración electrónica municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 44, do día 08/03/2021:

- Expedición de certificados e volantes de empadramento de carácter colectivo. A persoa funcionaria responsable do servizo verificará previamente os requisitos previstos normativamente para a súa expedición, limitándose a actuación administrativa automatizada a emitir o certificado de forma automática.

O réxime xurídico desta actuación administrativa automatizada completase co disposto no indicado Regulamento da administración electrónica municipal.

- 2ª) Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do concello das Pontes a efectos de xeral coñecemento de acordo co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- 3ª) Dar conta deste decreto ao Pleno do concello na primeira sesión que teña lugar.
- 4ª) Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). De interpoñerse o recurso de reposición non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado a resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado n.º 1 de Ferrol.

Malia o anterior, poderase impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPAC). Para tal efecto poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ferrol no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da publicación desta resolución.

Así mesmo, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, 23 de maio de 2024